

## **XA SOMOS O QUE QUERIAMOS SER**

**Carlos Lorenzo, presidente da AGPXC desde 2022**

Como ben detallaron as compañeiras e compañeiros que me precederon na presidencia desta asociación, a AGPXC foi medrando dun xeito constante e cunha demostrada capacidade para interpretar as mudanzas que se produciron na cultura nestes 15 anos. E sentímonos orgullosos de comprobar que fomos capaces de acadar os obxectivos que as socias e socios fundadores expuxeron ao crear esta entidade.

Non para de medrar o número de persoas que se incorporan á asociación. Quizais sexa porque está a ser unha profesión en crecemento, cada vez máis recoñecida socialmente, na que se están podendo formar as novas xeracións, na que se pode emprender e que xa ten definido o seu papel nas diversas maquinarias do eido da cultura.

Somos xa un colectivo amplo e diverso, no que as mulleres están a ter unha presenza maioritaria. Ténsenos en conta para futuras propostas, para novas regulacións, para buscar solucións aos problemas da nosa cultura. Entenden a nosa capacidade e habilidade mediadora. Xa comprobaron que observamos a cultura en toda a súa magnitude e diversidade, que somos capaces de innovar e que nos preocupa a sustentabilidade. Seguimos a insistir na nosa cualificación e profesionalización, e que debemos ocupar as responsabilidades para as que estamos preparados. Que xestionar cultura é complexo, que require coñecementos, capacidades e moitas habilidades. Non deixamos de reivindicar o noso papel e a nosa importancia. Que xestor ou xestora cultural non é calquera.

Nestes 15 anos conseguíronse moitos obxectivos, mais perviven ou aparecen novas problemáticas. Aínda existen dificultades nas

administracións públicas para asumir e propiciar a definición profesional dos xestores e xestoras culturais; que entendan a necesidade de configurar equipos solventes para o desenvolvemento cultural dos territorios e que os incorporen nos deseños de verdadeiras políticas culturais e dos plans estratéxicos da cultura, tan escasos en Galicia. Ser profesional da xestión cultural no eido privado tradúcese acotío como sermos precarios no laboral e no económico e vítimas da autoexplotación.

A AGPXC aínda terá que dedicar moitas enerxías en corrixir estas e outras eivas, en aumentar a súa presenza nos procesos que transformarán a nosa cultura e aumentar a capacitación profesional do noso colectivo. Desde o 2008 a asociación foi adquirindo un ritmo de actividade que non se debe retardar. Mais debe manterse atenta ás mudanzas culturais, sociais, económicas e políticas para conservar a súa utilidade na nosa paisaxe cultural e para o fornecemento profesional de quen se dedica en Galicia á xestión cultural.